



Explotación da mostra continua de vidas laborais.

Información de carácter anual (transversal)

METODOLOXÍA

1. Introdución

A Mostra continua de vidas laborais (MCVL) é un conxunto de microdatos anonimizados procedentes de diversos rexistros administrativos: da Seguridade Social, do Padrón municipal de habitantes e da Axencia Tributaria. A MCVL constitúe unha mostra representativa de todas as persoas que durante o ano de referencia (ano natural) tiveron relación coa Seguridade Social, ben porque estiveron afiliadas en situación de alta laboral, ben porque percibiron unha prestación contributiva ou subsidio por desemprego, ou ben porque percibieron algúun tipo de pensión contributiva da Seguridade Social. A información continua da MCVL procede dos seguintes rexistros administrativos:

- Ficheiros responsabilidade da Seguridade Social: ficheiro de persoas físicas da Seguridade Social, ficheiro de relacóns laborais de traballadores, ficheiro de vidas laborais de traballadores, ficheiro de contas de cotización, ficheiro de bases de cotización, ficheiro xeral de afiliacións e base de datos de prestacións.
- Padrón municipal continuo do Instituto Nacional de Estadística (INE).
- Modelo 190 "Resumo anual de retencións e ingresos a conta do IRPF sobre rendementos do traballo, de determinadas actividades económicas, premios e determinadas imputacións de renda" da Axencia Tributaria.

Os ficheiros procedentes da Seguridade Social permiten reconstruír a historia laboral dos individuos da mostra dende o ano 1967: os episodios nos que o individuo estivo traballando e cotizando á Seguridade Social e as características laborais destes episodios (duración, tipo de contrato, grupo de cotización, réxime, bases de cotización, etc.), así coma os episodios de desemprego. Tamén ofrecen información sobre as pensións de carácter contributivo percibidas polos integrantes da mostra. O cruce destes ficheiros co Padrón municipal continuo do INE ten por finalidade completar os datos persoais dos individuos da mostra, con información relativa ao seu domicilio de residencia, ás persoas

coas que convive, etc., non disponible nas bases de datos da Seguridade Social. O Modelo 190 da Axencia Tributaria é unha declaración anual que teñen a obriga de presentar todas as entidades que pagan salarios, pensións ou prestacións por desemprego suxeitas a IRPF, con independencia da súa personalidade, actividade, dimensión e carácter (público ou privado). Constitúe un resumo das retencións e ingresos a conta aplicados no exercicio fiscal polos devanditos pagadores a conta dos seus traballadores e perceptores de prestacións.

A primeira edición da mostra corresponde ao ano 2004 (2006 con datos fiscais) e actualízase cada ano.

2. Obxectivos e utilidades

Os principais obxectivos da explotación da Mostra continua de vidas laborais anual ou transversal son os seguintes:

- Clasificar a poboación segundo a relación coa Seguridade Social no ano de referencia.
- Estudar as principais características do emprego dos afiliados.
- Facilitar información sobre a estabilidade laboral e o tempo traballado ao longo da vida laboral dos afiliados.
- Analizar os salarios e bases de cotización da poboación afiliada en alta laboral.

3. Ámbito de investigación

Ámbito poboacional

A poboación obxecto de investigación está constituída por todas as persoas de 16 ou máis anos con residencia en Galicia (segundo o Padrón municipal de habitantes do INE), que nalgún momento do ano de referencia estiveron en situación de afiliado en alta ou recibindo algunha pensión contributiva da Seguridade Social. Están incluídas dentro da poboación de referencia:

- As persoas afiliadas á Seguridade Social en alta laboral.
- As persoas beneficiarias de prestacións ou subsidios por desemprego.

- As persoas que reciben calquera tipo de pensión contributiva da Seguridade Social.

Non se inclúen na poboación de referencia:

- As persoas que están rexistradas na Seguridade Social só para os efectos de percibir asistencia sanitaria.
- As persoas perceptoras de pensíons non contributivas.
- As persoas perceptoras de prestacións asistenciais nacionais ou autonómicas.
- Aquelas persoas que teñen un sistema de previsión social distinto ao da Seguridade Social, por exemplo os funcionarios e as funcionarias de clases pasivas.
- As persoas demandantes de emprego que non perciben prestacións contributivas.
- A MCVL inclúe aquellas persoas que teñen un convenio especial coa Seguridade Social e, a pesar de non ter traballo durante o ano de referencia, estiveron cotizando para ter dereito a percibir unha pensión. Porén, nesta explotación non se tiveron en conta estas persoas.

Para o módulo de poboación xuvenil (16 a 29 anos) consideráronse aquellas persoas que o día 31 de decembro do ano de referencia tiñan entre 16 e 29 anos (ambos inclusive) segundo a data de nacemento que figura no Padrón municipal de habitantes. Para as persoas das que non se dispón de información do Padrón utilizouse a data de nacemento dispoñible nas bases de datos da Seguridade Social.

A información relativa ao apartado de salarios non abarca á totalidade dos integrantes da mostra. Quedan fóra do seu ámbito:

- Traballadores afiliados no réxime especial do fogar (réxime extinguido en 2012)
- Traballadores afiliados no sistema especial de traballadores do fogar do réxime xeral (creado en 2012). Non existe a obriga de reter sobre as retribucións a empregados do fogar por persoas físicas.
- Todos os traballadores autónomos de calquera réxime da Seguridade Social: réxime especial de traballadores autónomos, réxime especial de traballadores do mar por conta propia, réxime especial de empregados do fogar descontinuos (extinguido en 2012) e réxime especial agrario por conta propia (extinguido en 2008).

Ademais, non se dispón de información fiscal para unha pequena proporción dos traballadores por conta allea. Isto é debido a que no proceso de fusión practicado na Seguridade Social para incorporar a información da Axencia Tributaria utilizouse como variable de unión un código identificativo baseado no DNI, e este presenta algúns inconvenientes: hai persoas que teñen asignado o mesmo DNI, persoas que non dispoñen deste identificador, etc.

Ámbito xeográfico

O ámbito territorial da MCVL é todo o territorio nacional, excepto para a información referente ao Modelo 190 da Axencia Tributaria, para o cal quedan excluídas todas as persoas que residen en Navarra e o País Vasco, xa que son comunidades autónomas con réxime fiscal propio.

Para obter a submostra da Comunidade Autónoma de Galicia a partir da mostra do conxunto de España, seleccionáronse todos os rexistros correspondentes a persoas con domicilio de residencia habitual en Galicia. Esta variable extráese do Padrón municipal de habitantes e, no caso de que non se localice para algún rexistro, obtense do ficheiro de persoas físicas da Seguridade Social.

A mostra permite identificar o concello de residencia para aquelas persoas con domicilio nalgún municipio de máis de 40.000 habitantes. Polo tanto, a explotación da MCVL permite difundir información para os sete grandes municipios de Galicia.

Ámbito temporal

O ámbito temporal correspóndese co ano natural.

A poboación de referencia da MCVL inclúe todas aquelas persoas que tiveron relación coa Seguridade Social nalgún momento do ano natural. É dicir, non se inclúen únicamente aqueles individuos que tivesen relación coa Seguridade Social nunha data determinada. Por exemplo, forman parte da poboación de referencia aquelas persoas que estiveron traballando nalgún momento do ano, aínda que non o ano completo. Moitas destas persoas que entran e saen do mercado laboral non se contabilizarían se soamente se considerasen os traballadores afiliados en alta laboral nunha data concreta.

O período de referencia dos datos pode variar en función da variable que se estea considerando. Por exemplo, para os datos persoais como a nacionalidade e o domicilio, a data de referencia coincide coa data de extracción da mostra, que para a edición de 2012 foi marzo de 2013.

4. Definicións

Sistema da Seguridade Social: é un conxunto de réximes a través dos cales o Estado garante ás persoas comprendidas no seu campo de aplicación, por realizar unha actividade profesional ou por cumplir os requisitos esixidos na modalidade non contributiva, así como aos familiares ou asimilados que tivesen ao seu cargo, a protección adecuada nas continxencias e situacións que a lei define.

Pessoas afiliadas en alta laboral: todas as persoas que estiveron afiliadas en alta laboral nalgún momento do ano de referencia. A afiliación ao Sistema da Seguridade Social é obligatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o sistema, sen prexuízo das baixas, altas e variacións que se poidan producir con posterioridade á afiliación. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e se dá de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social. Esta situación denomínase alta inicial. Se cesa na súa actividade dáse de baixa, pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral. Se retoma a súa actividade producirase unha alta, denominada alta sucesiva, pero non terá que afiliarse de novo, xa que a afiliación é única para toda a vida laboral do traballador.

Traballadores por conta propia: na edición 2012 da explotación da MCVL considéranse traballadores por conta propia todos os afiliados en alta laboral incluídos nalgún dos seguintes réximes de afiliación: réxime especial de traballadores autónomos, réxime especial do mar por conta propia e réxime especial de empregados do fogar descontinuos (extinguido en 2012). Hai que ter en conta que a partir de xaneiro de 2008 desaparece o réxime especial agrario por conta propia, e as súas afiliacións intégranse no réxime especial de autónomos. Desde o día 1 de xaneiro de 2012 os traballadores incluídos no réxime especial de empregados do fogar quedan integrados dentro do réxime xeral, mediante a creación do sistema especial de empregados do fogar. Estableceuse un período transitorio ata finais de xuño de 2012 para que os empregadores e as persoas empregadas procedentes do réxime especial de empregados do fogar, comunicasen á Tesourería Xeral da Seguridade Social o cumprimento das condicións esixidas para a inclusión en dito sistema especial.

Traballadores por conta allea: na edición 2012 da explotación da MCVL considéranse traballadores por conta allea todos os afiliados en alta laboral incluídos nalgún dos seguintes réximes de afiliación: réxime xeral (incluídos os sistemas especiais), réxime

especial de minería do carbón, réxime especial do mar por conta allea, réxime especial agrario por conta allea e réxime especial de empregados do fogar fixos (extinguido en 2012).

Base de cotización para continxencias comúns por conta allea: contía establecida pola lei que, salvo excepcións, debe coincidir coa remuneración bruta mensual, sen horas extraordinarias. Para o cálculo da base de cotización para continxencias comúns compútase a remuneración que corresponda ao mes de cotización e súmaselle a parte proporcional ás pagas extraordinarias e outros conceptos retributivos con devengo superior ao mensual ou que non teñan carácter periódico. Se esta base non está comprendida entre a contía mínima e máxima correspondente ao grupo de cotización do traballador, este cotizará pola base mínima (se a cantidade resultante é menor) ou máxima (se é maior).

Salario: para a determinación dos salarios dos empregados por conta allea utilízanse as percepcións declaradas na clave A do modelo 190 "Resumo anual de retencións e ingresos a conta do IRPF sobre rendementos do traballo, de determinadas actividades económicas, premios e determinadas imputacións de renda" da Axencia Tributaria. Esta clave inclúe todas as percepcións, monetarias ou en especie, satisfeitas pola persoa ou entidade declarante en concepto de rendementos do traballo. Estas retribucións incluirán, así mesmo, as dietas satisfeitas por desprazamentos e os gastos de viaxe por motivos de traballo exceptuados de gravame. É preciso aclarar, ademais, que se refire a percepcións salariais brutas, isto é, antes do pago de impostos e que estas inclúen, así mesmo, os importes correspondentes ás percepcións en especie.

Código de conta de cotización: código ao cal figuran asociados os datos identificativos do empresario e ao que se vinculan os traballadores por conta allea. Cada empresa pode ter un ou varios códigos de conta de cotización pero só hai un principal, os demás (secundarios) están vinculados ao principal.

Os empresarios deben dispoñer, polo menos, dun código de conta de cotización por cada provincia onde realicen unha actividade económica e por cada réxime.

Os códigos de conta de cotización non identifican necesariamente aos centros de traballo.

Prestacións por desemprego de nivel contributivo: protexen aquelas situacións de desemprego das persoas que, podendo e querendo traballar, perdan o seu emprego de forma temporal ou definitiva, ou se lles reduza temporalmente a súa xornada diaria por

decisión empresarial, coa correspondente perda ou redución análoga de salarios, por algunha das causas establecidas como situación legal de desemprego. Os requisitos para recibir esta prestación son os seguintes:

- Estar afiliado á Seguridade Social en situación de alta ou asimilada á alta nalgún dos réximes que contemple a continxencia por desemprego.
- Atoparse en situación legal de desemprego.
- Acreditar estar dispoñible para buscar activamente emprego e para aceptar unha colocación adecuada e subscribir un compromiso de actividade.
- Ter cotizado por desemprego un período mínimo de 360 días dentro dos seis anos anteriores á situación legal de desemprego.
- Non ter cumplido a idade ordinaria que se esixe para a pensión de xubilación, excepto que non se tivera dereito a ela por falta de cotización ou se trate de situacións de suspensión da relación laboral ou de redución de xornada autorizados por expediente de regulación de emprego.
- Non realizar unha actividade por conta propia ou traballo por conta allea a tempo completo, excepto:
 - Os que teñan contrato por tempo indefinido de apoio a emprendedores, que poderán compatibilizar o 25% da prestación con dito contrato.
 - Cando o determine algúun programa de fomento de emprego.
- Non estar incluído nalgunha das causas de incompatibilidade.

Subsidio de desemprego: é unha prestación asistencial que ten como obxectivo complementar a protección da prestación de carácter contributiva das situacións de desemprego. Consta dunha prestación económica e, no seu caso, do abono á Seguridade Social da continxencia de xubilación. A duración e contía determináñanse en función da modalidade de subsidio á que se teña dereito:

- Traballadores que esgotaron a prestación contributiva por desemprego e teñen responsabilidades familiares.
- Traballadores que esgotaron a prestación contributiva por desemprego maiores de 45 anos e que non teñen responsabilidades familiares.
- Traballadores emigrantes retornados.

- Traballadores que cando se produce a situación legal de desemprego non teñen cuberto o período mínimo de cotización para acceder a unha prestación contributiva.
- Liberados de prisión.
- Traballadores declarados plenamente capaces ou que perdesen a condición de pensionista de incapacidade por melloría dunha situación de grande invalidez, incapacidade permanente absoluta ou total para a profesión habitual.
- Subsidio por desemprego para traballadores maiores de 55 anos.

Para acceder ao subsidio por desemprego débense cumplir, con carácter xeral, os seguintes requisitos:

- Estar desempregado e inscrito como demandante de emprego e subscribir o compromiso de actividade.
- Non ter dereito a percibir unha prestación por desemprego de nivel contributivo.
- Carecer de rendas, de calquera natureza, en cómputo mensual, superior ao 75% do salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional das dúas pagas extraordinarias.

Pensiós contributivas da Seguridade Social: son prestacións económicas e de duración indefinida, aínda que non sempre, cuxa concesión está xeralmente supeditada a unha relación xurídica previa coa Seguridade Social (en determinados casos acreditar un período de cotización mínimo, etc.) sempre e cando se cumpran os demais requisitos esixidos. A contía determinase en función das achegas efectuadas polo traballador e o empresario, en caso de que se trate de traballadores por conta allea, durante o período considerado para os efectos da base reguladora da pensión da que se trate. As pensiós contributivas da Seguridade Social poden ser: por xubilación, por incapacidade permanente (total, absoluta e grande invalidez) e por falecemento (viuez, orfandade e favor de familiares).

5. Variables da clasificación e aspectos metodolóxicos

A continuación expónense as principais variables de clasificación utilizadas para elaborar as táboas de resultados.

Sexo

Sexo das persoas que figura gravado nas bases de datos da Seguridade Social.

Grupo de idade

Para determinar a idade utilizase a data de nacemento que figura no ficheiro do Padrón municipal de habitantes e calcúlase a idade que tería a persoa o día 31 de decembro do ano de referencia.

Provincia de residencia

Provincia a cal pertence o municipio que figura no Padrón municipal de habitantes como residencia habitual da persoa no momento de extracción do ficheiro. Para a edición de 2012 a data de extracción foi o mes de marzo de 2013.

Nacionalidade

Nacionalidade que consta na base de datos de persoas físicas da Seguridade Social no momento de extracción da mostra. Non se publican datos por país de nacionalidade; só se distingue entre nacionalidade española e estranxeira.

Relación coa Seguridade Social

Durante o ano de referencia unha persoa puido manter diversos tipos de relación coa Seguridade Social: alta laboral, cobro dunha prestación ou subsidio por desemprego ou percepción dunha pensión contributiva da Seguridade Social. Ademais, tamén puido haber períodos de tempo nos que a persoa non tivese relación coa Seguridade Social. Por exemplo, un traballador que finaliza a relación laboral coa empresa e non ten dereito a cobrar unha prestación ou subsidio por desemprego.

As persoas clasifícanse segundo a relación que mantiveron coa Seguridade Social durante o ano de referencia nunha das seguintes categorías excluíntes:

- Traballando: persoas que estiveron afiliadas en alta laboral nalgún momento do ano de referencia. Puideron estar traballando todo o ano ou ben existir períodos nos que non mantiveron ningunha relación coa Seguridade Social.
- Cobrando unha prestación ou subsidio por desemprego: persoas que durante o ano de referencia percibiron unha prestación ou subsidio por desemprego. Ao igual que no caso anterior, puideron percibir a prestación durante todo o ano ou só parte do ano. Nesta categoría non se inclúen as persoas que, ademais de percibir a

prestación ou subsidio por desemprego, estiveron afiliadas en alta laboral nalgún momento do dito ano ou cobraron unha pensión contributiva.

- Cobrando unha pensión contributiva da Seguridade Social: persoas que no ano de referencia cobraron unha pensión contributiva da Seguridade Social durante todo o ano ou parte del e que non estiveron afiliadas en alta laboral, nin cobraron unha prestación ou subsidio por desemprego.
- Traballando e cobrando unha prestación ou subsidio por desemprego: persoas que durante o ano de referencia tiveron períodos nos que estiveron afiliadas en alta laboral e outros nos que percibiron unha prestación ou subsidios por desemprego. Tamén puido haber intervalos de tempo nos que non mantiveron ningunha relación coa Seguridade Social.
- Traballando e cobrando unha pensión contributiva: persoas que estiveron afiliadas en alta laboral nalgún momento do ano e ademais percibieron algunha clase de pensión contributiva da Seguridade Social.
- Resto de situacóns: nesta categoría residual agrúpanse as persoas que estiveron:
 - Cobrando unha prestación ou subsidio por desemprego e percibindo unha pensión contributiva da Seguridade Social.
 - Traballando, cobrando unha prestación ou subsidio por desemprego e percibindo unha pensión contributiva da Seguridade Social.

Situación profesional

As persoas que nalgún momento do ano de referencia estiveron afiliadas en alta laboral clasifícanse, a partir do réxime de afiliación das distintas relacóns laborais que mantiveron no ano, en:

- Afiliados que só traballaron por conta propia: persoas que durante o ano de referencia só tiveron relacóns laborais incluídas nalgún dos seguintes réximes de afiliación: réxime especial de traballadores autónomos, réxime especial do mar por conta propia e réxime especial de empregados do fogar descontinuos.
- Afiliados que só traballaron por conta allea: persoas que durante o ano de referencia só tiveron relacóns laborais incluídas nalgún dos seguintes réximes de afiliación: réxime xeral, réxime especial de minería do carbón, réxime especial do

mar por conta allea, réxime especial agrario por conta allea e réxime especial de empregados do fogar fixos.

- Afiliados que traballaron por conta propia e por conta allea: persoas que durante o ano de referencia tiveron relacóns laborais por conta propia e por conta allea. Estas puideron solaparse no tempo ou ben producirse en momentos distintos do ano.

Tipo de contrato

As persoas que nalgún momento do ano de referencia estiveron afiliadas en alta laboral por conta allea clasifícanse en función do tipo de contrato que figura nas distintas relacóns laborais:

- Só contratos indefinidos: todas as relacóns laborais que mantivo o traballador por conta allea figuran cun tipo de contrato de duración indefinida.
- Só contratos temporais: o traballador só mantivo relacóns laborais de duración determinada.
- Contratos indefinidos e temporais: durante o ano de referencia o traballador tivo relacóns laborais de duración determinada e contratos con duración indefinida.
- Tiveron algunha relación para a que non figura o tipo de contrato: nesta categoría figuran todos os traballadores que tiveron, polo menos, unha relación laboral para a que non figura o tipo de contrato. Na base de datos de afiliacóns da Seguridade Social non figura o tipo de contrato para: os traballadores agrarios por conta allea, os armadores asimilados a conta allea no réxime especial do mar, os empregados do fogar por conta allea, ministros de culto das diversas confesións relixiosas e funcionarios.

Tipo de xornada

Dun xeito análogo, clasifícase aos traballadores afiliados en alta laboral por conta allea nalgún momento do ano de referencia, segundo o tipo de xornada en:

- só relacóns a xornada completa
- só relacóns a xornada parcial
- relacóns a xornada completa e a xornada parcial

Esta clasificación faiuse en función do coeficiente de parcialidade, que identifica a xornada realizada polo traballador, en proporción á duración da xornada habitual dun traballador a xornada completa.

Grupo de cotización

Identifica grupos de categorías profesionais para traballadores por conta allea, tradicionalmente co obxecto de limitar as bases de cotización cos topes máximos e mínimos establecidos anualmente para cada categoría.

1 Enxeñeiros e licenciados. Persoal de alta dirección

2 Enxeñeiros técnicos peritos e axudantes titulados

3 Xefes administrativos e de taller

4 Axudantes non titulados

5 Oficiais administrativos

6 Subalternos

7 Auxiliares administrativos

8 Oficiais de primeira e segunda

9 Oficiais de terceira e especialistas

10 Traballadores maiores de 18 anos non cualificados

Durante o ano de referencia, un mesmo traballador puido ter relacións laborais con distintas categorías profesionais. Polo tanto, en moitos casos, non é posible asignar un traballador a unha única categoría profesional.

Para solucionar este problema e que a suma dos traballadores afiliados en alta laboral por conta allea segundo o grupo de cotización coincida co total de traballadores afiliados por conta allea, optouse pola seguinte solución:

1. Para cada traballador (*i*), grupo de cotización (*j*) e relación laboral (*k*) calculamos o produto do número de días traballados nesa relación e con ese grupo de cotización polo seu correspondente coeficiente de tempo parcial. Este resultado (D_{ijk}) será o número de días equivalentes a xornada completa traballados polo afiliado (*i*) na relación laboral (*k*) e co grupo de cotización (*j*).

2. Sumamos para cada traballador (i) e cada grupo de cotización (j) o número de días equivalentes traballados a xornada completa: $D_{ij.} = \sum_k D_{ijk}$
3. Calculamos para cada traballador (i) o número total de días equivalentes traballados a xornada completa $D_{i..} = \sum_j \sum_k D_{ijk} = \sum_j D_{ij.}$
4. O factor de ponderación para o traballador (i) e o grupo de cotización (j) obtense como: $P_{ij} = \frac{D_{ij.}}{D_{i..}}$
5. O número total de traballadores no grupo de cotización (j) será o resultado de sumar todos os factores de ponderación anteriores e multiplicalo polo factor de elevación (25, consultar o apartado seguinte):

Número de traballadores afiliados en alta laboral por conta allea no grupo de cotización j = $\sum_i P_{ij} \times 25$

Sector de actividade

Recole a actividade principal, segundo a CNAE-2009, da conta de cotización na que está dado de alta o traballador.

Do mesmo xeito que ocorre para o grupo de cotización, durante o ano de referencia, un mesmo traballador puido ter relacóns laborais en varios sectores de actividade, polo que non é posible asignalos a un único sector.

A distribución dos traballadores afiliados en alta laboral por conta allea segundo os sectores de actividade faise de xeito totalmente análogo á distribución por grupos de cotización; é dicir tendo en conta o tempo traballado en cada sector e os correspondentes coeficientes de parcialidade.

Número de empresas

Os afiliados en alta laboral por conta allea clasifícanse segundo o número de empresas distintas nas que traballaron por conta allea no ano de referencia e ao longo da súa vida laboral. Para contabilizar o número de empresas empregouse o código da conta de cotización principal para identificar á empresa.

Permanencia na empresa

Neste caso a poboación de referencia está formada por aquelas persoas que o día 31 de decembro estaban afiliadas en alta laboral por conta allea. Para cada unha destas calculouse o número de días que traballou na empresa actual ao longo da súa vida

laboral. Para obter este dato utilizase o tempo afiliado en alta laboral en todas as relacións laborais que mantivo o traballador coa empresa, fosen consecutivas ou non.

Bases de cotización

Estímanse as bases de cotización dos traballadores afiliados no réxime xeral. Para o seu cálculo non se inclúen os sistemas especiais de cotización do réxime xeral. Ademais, só se consideran as relacións laborais que tiveron unha base de cotización mensual distinta de cero polo menos durante tres meses consecutivos. Finalmente, para o cálculo da media non se tiveron en conta a base do primeiro mes da relación laboral nin a do último, pois pode ser que non se correspondesen cunha mensualidade completa.

Salarios e relacións laborais

Segundo a metodoloxía da MCVL, unha relación laboral defínese coma o período que transcorre entre unha alta e unha baixa na Seguridade Social; as altas e baixas nesta institución prodúcense, con carácter xeral, cando o individuo cambia de empresa ou queda sen emprego. Así, por exemplo, cando un traballador finaliza un episodio laboral cunha empresa, aínda que logo, pasado un tempo, volva ser contratado pola mesma empresa, esta interrupción dá lugar ao nacemento de dúas relacións laborais distintas.

O ficheiro procedente da Axencia Tributaria inclúe un código identificativo do pagador ou empresario, que permite saber a cal das relacións laborais dispoñibles nas bases de datos da Seguridade Social corresponde cada retribución. Utilizando o identificador do empresario e mais o código identificativo do traballador (baseado no DNI, consultar apartado 3), pódense coñecer, ademais das características de cada relación laboral (a súa duración, o seu coeficiente de parcialidade, o sector de actividade, o grupo de cotización, etc.), o salario anual que lles corresponda segundo os datos consignados na Axencia Tributaria.

Agora ben, a estrutura destas fontes non é simétrica: o ficheiro sobre a vida laboral dos traballadores, procedente da Seguridade Social, compónse dun rexistro por cada unha das relacións laborais distintas do traballador, namentres que o ficheiro fiscal inclúe un rexistro resumo das percepcións pagadas por cada empresario ao traballador no ano. No exemplo de arriba, se a interrupción da relación entre o traballador e a empresa e posterior incorporación ten lugar dentro dun mesmo ano natural, nas bases de datos da Seguridade Social contaremos con dous rexistros para ese traballador e empresario. Pola contra, no ficheiro cos datos fiscais só se disporá dun rexistro resumo de todas as

percepcións e retencións practicadas por ese empresario ao longo do ano ao traballador en cuestión.

No caso apuntado, non é posible concretar exactamente que parte do salario anual corresponde a cada unha das relacións, polo que nestes supostos optouse por distribuír o importe total en función do tempo traballado en cada relación en equivalencia a tempo completo. Isto é, en función do número de días que estivo o traballador contratado pola empresa en cada episodio laboral, corrixido polo seu coeficiente de parcialidade.

É preciso recalcar, ademais, que a información salarial difundida no presente módulo procede, dado a fonte da que se extrae, da empresa ou ente que paga o salario, e non do traballador.

Finalmente, a meirande parte da información difundida refírese ao salario anual dos integrantes da mostra. Non obstante, no apartado dedicado ao estudo das características laborais no primeiro emprego, difúndese información sobre as retribucións salariais mensuais. Esta información non está dispoñible nos ficheiros orixinais da mostra; estimouse a partir do salario anual de cada persoa aplicando a fórmula seguinte:

$$\text{Salario mensual} = \frac{\text{Importe salarial anual}}{12} \times \frac{365}{\text{Número de días traballados}}$$

Tamén se inclúe un apartado con información relativa ao salario bruto por hora para as provincias e os sete grandes concellos de Galicia; isto é, aqueles que superan os 50.000 habitantes (A Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo). Este apartado forma parte tamén da actividade estatística *Estudo sobre salarios*; de feito, a necesidade de calcular o salario por hora para este ámbito xeográfico xorde precisamente no marco desta actividade estatística. Co obxecto de que os resultados poidan ser comparables cos procedentes da *Enquisa de estrutura salarial* do Instituto Nacional de Estadística (INE), os datos refírense única e exclusivamente a relacións contractuais en alta laboral o 31 de outubro de cada ano. Ademais, e para limitar o efecto distorsionante que producen as relacións contractuais de moi curta duración, estúdanse únicamente as relacións en alta durante, polo menos, tres meses completos: os de setembro, outubro e novembro de cada ano.

Como no caso do apartado dedicado ao estudo das características laborais no primeiro emprego, neste caso tamén é preciso estimar o salario por hora en cada vínculo laboral da

persoa, pois esta variable tampouco está dispoñible nos ficheiros orixinais da mostra. Polo tanto, é preciso primeiramente distribuír o salario anual de cada persoa entre as súas distintas relacións contractuais en función da duración de cada unha, ponderado polo coeficiente de tempo parcial. Deste xeito, obtense a percepción salarial bruta diaria en cada relación contractual:

$$\text{Salario diario} = \frac{\text{Importe salarial anual}}{\text{Número de días traballados}} \times \text{Coeficiente de tempo parcial}$$

A continuación, para calcular a percepción salarial por hora distribuíuse a percepción diaria ao longo dunha xornada laboral normal de 8 horas, aplicando a seguinte fórmula:

$$\text{Salario por hora} = \frac{\text{Salario diario}}{8}$$

6. Deseño da mostra

Tipo de mostraxe

A mostraxe que se utiliza é aleatoria simple.

Tamaño da mostra

Cada ano selecciónanse catro de cada cen dos individuos que tiveron relación coa Seguridade Social: afiliados en alta laboral, perceptores de prestacións ou subsidios por desemprego e perceptores de pensións contributivas da Seguridade Social.

Selección da mostra

Escóllense todas as persoas cuxo código de identificación contén, nunha determinada posición, uns díxitos seleccionados de forma aleatoria no momento de extracción da primeira edición (2004).

Este método garante que continúen na mostra as persoas que foron seleccionadas en edicións anteriores e que seguen mantendo relación coa Seguridade Social. Tamén facilita un procedemento automático de selección das novas incorporacións: pasan a integrar a mostra as altas cuxo código de identificación conteña un dos díxitos de referencia na posición que se determinou na primeira edición. Deste xeito, as persoas que deixan de formar parte da mostra nun ano (porque cesa a súa relación coa Seguridade Social) volverán a incorporarse á mostra de maneira automática cando volvan ter relación coa Seguridade Social.

Estimadores

O factor de elevación toma o valor 25 para todos os integrantes da mostra

7. Recollida de datos

A Mostra continua de vidas laborais é distribuída de forma gratuítia pola Dirección Xeral de Ordenación da Seguridade Social, pero só para estudos definidos.

Para a explotación da MCVL, no IGE someteuse o ficheiro de afiliacións a un proceso de depuración, que incide sobre todo nas relacións de desemprego. Detectáronse rexistros correspondentes a persoas que figuran como perceptores de prestacións contributivas por desemprego cunha duración superior aos dous anos ou que constaban como perceptores de varias prestacións por desemprego ao mesmo tempo. Tamén se atoparon casos nos que un traballador por conta propia percibía unha prestación ou subsidio por desemprego ou nos que un traballador por conta allea cunha xornada laboral a tempo completo compatibilizaba esta actividade co cobro dunha prestación ou subsidio por desemprego. Estas incompatibilidades resolvéronse levando a cabo cruces coa información dispoñible na mostra (por exemplo, co ficheiro de bases de cotización).

Xunto con estas depuracións, leváronse a cabo outros filtros para detectar discrepancias entre a información contida nos distintos ficheiros que conforman a MCVL.

8. Presentación de resultados

A publicación da explotación da MCVL estrutouse en dúas partes:

- Eplotación da MCVL:
 - o Poboación segundo a relación coa Seguridade Social
 - o Traballadores afiliados en alta laboral
 - o Bases de cotización
 - o Salarios
- Módulo de poboación xuvenil (16 a 24 anos)

Poboación segundo a relación coa Seguridade Social

Neste apartado clasifícase toda a poboación de referencia segundo a relación coa Seguridade Social no ano de referencia e outras variables de cruce (sexo, idade, provincia de residencia, etc.)

As categorías excluíntes da variable "Relación coa Seguridade Social" son as que aparecen descritas no apartado 5 desta metodoxía.

Traballadores afiliados á Seguridade Social en alta laboral

Proporcionase información sobre aquelas persoas que nalgún momento do ano de referencia estiveron afiliadas en alta laboral. Pode ocorrer que algunas persoas tamén percibisen un subsidio ou prestación por desemprego ou unha pensión contributiva da Seguridade Social. Tamén pode haber períodos do ano nos que a persoa non tivese relación coa Seguridade Social.

- Total de traballadores afiliados: inclúe a todas aquelas persoas que no ano de referencia tiveron polo menos unha relación laboral por conta allea ou ben estiveron afiliadas nalgún momento do ano exercendo unha actividade por conta propia.
- Traballadores afiliados por conta allea: recolle a todas as persoas que estiveron afiliadas en alta laboral por conta allea nalgún momento do ano de referencia.

Bases de cotización

Proporcionase a estimación das bases de cotización media para os traballadores por conta allea pertencentes ao réxime xeral.

Salarios

Proporcionase información sobre os salarios percibidos pola poboación ao longo do ano de referencia, en función das súas características persoais e laborais. O salario medio anual é a media dos salarios percibidos polos traballadores en todas as relacións laborais por conta allea mantidas ao longo do ano. A mediana do salario anual corresponde ao valor que, ordenando todos os traballadores por conta allea de menor a maior salario, deixa unha metade dos mesmos por debaixo do dito valor e a outra metade por riba. A mediana permite corrixir a influencia que os valores salariais atípicos (salarios moi elevados ou moi reducidos) producen no valor medio.